

Maria Pilar Chapela Villanueva

Naceu en Bueu (Pontevedra) en 1.974. Enxeñeira de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo. Posue máis de 20 anos de experiencia nos ámbitos de planificación estratéxica, control de xestión e xestión de proxectos no sector TIC. Coursou o Master de Dirección de Empresas TIC pola Escola de Negocios IESIDE, e dispón de formación tanto en áreas técnicas como en xestión empresarial. En 2020 acadou o certificado Chartered Controller Analyst (CCA Controller).

En decembro de 1.998 comezou a súa andaina profesional no operador de telecomunicacións R na área de planificación estratéxica e control de xestión, participando no deseño e implantación do plan de negocio da compañía e a definición e implementación dos sistemas de xestión.

No ano 2003 asume a posición de responsable de planificación da rede e control dos investimentos de R, asumindo a planificación, xestión, control e seguemento de todos os proxectos de despregamento da rede de telecomunicacións, así como a elaboración e seguemento dos orzamentos necesarios para a súa execucion.

En 2015, tras a compra de R por Euskaltel, pasa a asumir a Xerencia de control de xestión de todo o grupo Euskaltel, responsabilizándose do reporting e control de gastos e investimentos do grupo, e participando no proceso de integración económica e operativa nun operador de telecomunicacións a nivel nacional.

En agosto do 2019 continua desenvolvendo a súa carreira profesional en Everis como responsable dos proxectos na Área de Solucións Sectoriais da Amtega no ámbito de Medio Ambiente, Transporte e Infraestruturas. Esta etapa finaliza en abril 2021, cando é nomeada directora xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.